



De camiño cara a un segundo robot

“Onde hai un soño, hai un camiño”. Con esta frase reciben os visitantes en Ganadería Bedollo, en Santayana de Soba (Cantabria), e precisamente están en pleno traxecto cara ao seu obxectivo: lograr muxir todo o seu rabaño en dous robots de muxido GEA DairyRobot R9500.

Os irmáns Emilio, Rosa e María Fuente Ezquerro son os propietarios desta granxa familiar, que iniciaron os seus avós e continuaron os seus pais, na que moxen un total de 82 vacas.

Instalaron o primeiro dos robots hai dous anos, porque viron que as vacas necesitaban un terceiro muxido e non era fácil encontrar man de obra cualificada. Actualmente están incrementando o seu rabaño e moxen os animais cos dous sistemas: robot e sala.

Grazas á robotización, chegaron aos tres muxidos de media, conseguiron un incremento na produción e notaron moita mellor calidade de vida para os animais. Tamén teñen colares CowScout, arrimador de comida FRone, tanque TCool de 6.000 litros e un separador de xurro, recentemente estreado.

Contan os días para recibir a segunda máquina robotizada e esquecerse da sala de muxido.



Nome da explotación: Ganadería Bedollo
Localización: Santayana (Soba, Cantabria)
Número total de animais: 170
Vacas en produción: 82, 52 en robot e 30 en sala
Media de produción en robot: 39 litros/vaca/día
Media de produción en sala: 35 litros/vaca/día
Media de número de muxidos en robot: 3,2
Número de muxidos en sala: 2
Porcentaxe de graxa: 3,88 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 76.000 cél./ml



Emilio, María e Rosa, xunto a Esteban Abascal, de Agrocantabria (segundo pola esquerda), e Juan Carlos González, delegado de GEA na zona (dereita)



Rosa Fuente: “Achéganos maior produción de leite e maior calidade de vida para os animais”

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar o robot?

Antes traballabamos só coa sala de muxido 6x2 de GEA, a que seguimos mantendo aínda.

Por que decidiron robotizar o muxido?

Porque empezamos a ter vacas que necesitaban facer tres muxidos e facía falta máis man de obra. Eramos moi remisos a pór o robot de muxido, pero ao final non nos quedou máis remedio. Agora estamos moi contentos e as vacas, máis.

Por que elixiron GEA?

GEA pareceunos, desde o primeiro momento, interesante polo tema do foso, que é moi cómodo para os tratamentos, a separación por cuartos, a colocación manual e o servizo técnico.

Cando o instalaron?

O día 21 de agosto fará dous anos que empezamos a muxir con el.

Como planificaron o proceso de instalación do robot?

A verdade é que foi bastante complicado, porque puxemos a granxa patas arriba. Tivemos que pasar as vacas secas para outra nave, cambiar as xatas totalmente de sitio e agrandar o establo das xovenas. Foi un cambio bastante grande.

Como lembran o proceso de cambio?

Foi duro, pero máis duro para nós que para as vacas. A nós custounos afacernos a levar sempre un móbil encima ou a vivir pegados a un ordenador. Con todo, as vacas están moi ben desde o primeiro momento.



María Fuente

“Esta gandería pasou de xeración en xeración. Empezaron os meus avós, coas súas oito vacas. Despois, cando a miña avoa quedou viúva, incorporáronse á explotación os meus pais e foron crescendo aos poucos ata a unión do meu irmán Emilio. Logo, pasados uns anos, comezamos tamén a traballar na granxa a miña irmá Rosa e eu.

Ter a gandería aquí, no val de Soba, implica uns custos de produción moi elevados, só hai que ver como é o terreo.

Decidimos quedarnos en Soba porque para nós é calidade de vida; é máis, eu tiña claro que a miña vida ía ser na aldea e rodeada de vacas, que é o que me encanta.

A miña nai sempre vai ser o noso claro exemplo a seguir e tentamos levar ben o traballo, somos uns irmáns moi unidos e, grazas a iso e ao esforzo de toda a xente que traballa para a nosa gandería, Bedollo sae adiante”.

Como é a organización do traballo con robot e sala?

Ao principio custounos un pouco adaptarnos, porque non sabiamos como tiñamos que funcionar. A día de hoxe, tentamos pechar as lactacións no robot. Por unha banda, as vacas paren nun patio onde está a sala e, segundo van parindo, ímolas incorporando ao robot. Pola outra, as vacas do robot que están a piques de secar volven á sala.

Non nos gusta estar cambiando as vacas de patio e a elas non lles gusta nada volver á sala.

Entre nós, cada un ten o seu traballo dentro da granxa. Chegamos aquí e non hai que preguntar que temos que facer hoxe, todos sabemos onde ir desde o momento en que chegamos. Eu encárgome do muxido; o meu irmán Emilio, dos tratamentos, das inseminacións e dos labores de campo, e a miña irmá María, da recría, que leva moitísimo tempo. Logo, entre todos facemos a limpeza de camas e o resto dos traballos.

Que diferenzas notan dun sistema a outro?

No robot, o punteo do penso é algo fundamental. O que máis notamos é que as xovenas primíparas crecen, desenvólvense moito máis que estando na sala de muxido, e tamén a calidade do ubre.

Que beneficios achega a robotización?

Achéganos maior produción de leite e maior calidade de vida para os animais, ao ter o ubre máis san, estás a alongarles a vida ás vacas.

Actualmente, as vacas teñen moita máis calidade de vida, mesmo máis cá nós, pois, ao continuar traballando con sala, seguimos amarrados aos horarios de traballo. Cando estea instalado o segundo robot, será totalmente distinto.

Ademais, proporcionáanos moitos datos e en calquera parte que esteas ou a calquera hora do día, ves o que está a pasar no robot.

Cal é o plan de futuro?

O noso plan de futuro é crecer un pouco máis en número de animais para poñer outro robot. Agora mesmo fixemos un grande investimento co robot e o separador de xurros e temos que ir amodiño.

Para nós sería ideal poder instalar mañá o segundo robot, pero non vai poder ser así. Agora mesmo temos que esperar a que volvan abrir os plans de mellora e a ver se así podemos continuar.

ENTREVISTA
EN VÍDEO



Emilio Fuente

Teñen algún equipamento máis de GEA?

Ademais da sala de muxido, tamén temos de GEA o arrimador de comida FRone, os colares CowScout, un tanque TCool de 6.000 litros e un separador de xurros que acabamos de arrincar a semana pasada.

Como traballan co arrimador de comida FRone?

Está programado para pasar unha vez cada tres horas. A vantaxe que vimos con el é que ás vacas non lles falta comida en ningún momento do día e están comendo constantemente. O que lles fai o arrimador é que, cando pasa, as incita a levantarse e veñen comer.

Con que obxectivo incorporaron á granxa o separador de xurros?

Co separador de xurros a experiencia é moi curta. A intención que temos é tentar darlle solución ao excedente de xurro. Con este sistema queremos darlle saída á parte sólida, pois creo que así vai ser fácil de transportar, e aplicarles o líquido aos nosos campos.



Arrimador FRone



Separador de xurros



Tanque TCool